



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Con data do 19-08-2021 ditouse a resolución de Alcaldía núm. 530/2021, que é do seguinte teor literal:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 1 PEÓN/PEOA MEDIOAMBIENTAL ENTRE PERSOAS DESEMPREGADAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA).

EXPEDIENTE:2021/G003/000560

ANTECEDENTES:

O Concello de Ponteceso ten a necesidade de acometer, con carácter urxente, distintos traballos de competencia municipal relacionados co medio ambiente e co mantemento e conservación dos espazos da contorna, como a limpeza de camiños e vías públicas municipais, a recollida de lixo, os debroces ou o mantemento de xardíns, entre outros, para as que non se conta na súa plantilla con suficiente persoal municipal que poida prestar este servizo, o que impide dar resposta ás necesidades urxentes e inaprazables que demandan os vecinos.

Logo de ver a Orde da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia do 12 de abril de 2021 que establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 78 do 27 de abril de 2021) e tendo en conta a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade do 19 de xullo de 2021 pola que se concede a este concello unha subvención por importe de 10.309,14 euros para a contratación de un (1) peón/peoa medioambiental, durante un período de 9 meses ao 75% da xornada (30 horas), na modalidade de obra ou servizo determinado de interese social, a seleccionar entre persoas que teñan a condición de desempregadas de moi difícil inserción social e/ou en risco de exclusión social, beneficiarias da renda de integración social de Galicia (Risga). Mediante informe de Alcaldía do 18-08-2021 xustifícase a necesidade deste Concello da dita contratación.

Considerando que a Oferta de Emprego xa foi presentada na oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo, remitindo a selección de candidatos solicitada, cómpre realizar con toda a urxencia o proceso selectivo para a contratación temporal de 1 peón/peoa medioambiental, tendo en conta que a existencia de crédito axeitado e suficiente queda condicionada á formalización do contrato de traballo coa data límite do día 31 de agosto de 2021.

Redactada a proposta de bases polo T.A. X.- Coordinador Xeral, consonte aos requisitos esixidos para a selección do persoal, as cales deberán cumprir o establecido na devandita Orde de 12 de abril de 2021, procede sometelas a aprobación, logo de ver o informe de fiscalización emitido pola Intervención municipal con data do 18-08-2021.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente, **RESOLVO**

Primeiro: Aprobar a convocatoria e as bases que regularán o proceso selectivo para a contratación de 1 peón/peoa medioambiental, consonte á Orde de 12 de abril de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, na que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), sendo as bases do seguinte teor literal:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

“BASES QUE HAN DE REXER A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO DE INTERESE SOCIAL, DE UN (1) PEÓN MEDIOAMBIENTAL AO ABEIRO DA ORDE DO 12 DE ABRIL DE 2021 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria para a cobertura dunha praza, persoal laboral de carácter temporal, de peón mediambiental (Grupo 10), subvencionada pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, por un importe total de dez mil trescentos nove euros con catorce céntimos (10.309,14 €) ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 78 do 27 de abril de 2021).

Será de aplicación o previsto no R.D. L. 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, artigos 91 e 103 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, disposición adicional segunda do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, do 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

2.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, DURACIÓN E RETRIBUCIÓN DO POSTO.

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo determinado de interese social e a tempo parcial (75% da xornada), estando suxeita á lexislación laboral.

A duración do contrato será de 9 meses, a contar dende a sinatura do mesmo.

O custo salarial total da contratación, incluída a prorrata das pagas extras e a Seguridade Social, será o seguinte:

Número de contratos a subvencionar	Ocupación	Grupo cotización	Tipo xornada(%)	Meses	Custe Unitario mensual
1	Peón Medioambiental	Peón (10)	75	9	1.145,46 €



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

O posto a cubrir realizará funcións relacionadas co medio ambiente e coa protección da contorna, de limpeza viaria, recollida de lixo, desbroces e mantemento de xardíns e outras tarefas propias da actividade, baixo a dirección do alcalde ou concelleiro delegado e dos coordinadores do servizo.

O proceso selectivo será mediante oposición, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 1 e 3 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que se formalice a contratación:

- a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público. Así mesmo, os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.*
- b) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación.*
- c) Ser persoas perceptoras de RISGA. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.*
- d) Estar inscrito/a como persoa demandante non ocupada no Servizo Público de Emprego de Galicia.*
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para a desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato.*
- e) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no caso de que fose separado ou inhabilitado. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, no seu caso.*
- f) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.*

Todos os requisitos esixidos nestas bases deberanse cumprir polos aspirantes dende o inicio do proceso de selección e mantelos ata o momento da formalización do contrato.

4.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATOS

En cumprimento do artigo 13- Requisitos da contratación- da Orde do 12 de abril de 2021 (DOG núm. 78 de 27/04/2021), da Consellería de Emprego e Igualdade, o Concello de Ponteceso presentará ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, unha oferta específica do programa de contratación de persoas beneficiarias da RISGA, polo que as solicitudes serán as dos/das desempregados/as que, realizada unha sondaxe pola Oficina de Emprego de Carballo, resulten máis adecuados/as ao posto de traballo ofertado e que estean en posesión dos requisitos esixidos na Base 3.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Finalizada a fase de preselección de candidatos realizada pola Oficina de Emprego e remitidos a este Concello, ditarase resolución na que se aprobarán as bases. No prazo de dous días hábiles os candidatos deberán presentar a solicitude de participación, presentando a documentación acreditativa dos requisitos esixidos e, posteriormente, ditará a resolución de aprobación provisional de admitidos e excluídos, podendo presentar alegacións durante o prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte á súa publicación. Todas as actuacións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello. Nesta resolución figurará a composición do tribunal. Se non houbera reclamacións



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

contra a lista provisional, quedará elevada automaticamente a definitiva, sen necesidade de nova publicación. Os sucesivos anuncios, excepto disposición en contrario, publicaranse no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica do Concello.

6.- TRIBUNAL

A data e a hora na que deberá constituirse o tribunal, así como do día e a hora para a realización da proba selectiva serán determinadas polo alcalde mediante resolución, conxuntamente coa aprobación da lista provisional de admitidos/as e a composición do tribunal, o cal segundo a Orde do 12 de abril de 2021 no seu artigo 13, apartado C “estará composto por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Emprego e Igualdade, da entidade beneficiaria e dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar”. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na web municipal (www.ponteceso.gal).

O tribunal estará composto dos seguintes membros:

- Presidente/a: un funcionario designado pola Alcaldía*
- Secretario/a: un funcionario designado pola Alcaldía*
- Vogais: Tres vogais, un designado pola Consellería de Emprego e Igualdade, outro designado polos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e outro designado pola Alcaldía do Concello de Ponteceso.*
- Suplentes: En caso de ausencia dos membros do tribunal, o alcalde poderá nomear aos suplentes que os substitúan.*

Todas as actuacións e actas do tribunal publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realízalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizar o exercicio provisto de DNI ou documento acreditativo da súa personalidade, e tamén cos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquel.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirles en calquera momento aos /ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

O tribunal non poderá constituirse nin actuar se a asistencia de máis da metade dos seus membros, sexan titulares ou suplentes. En todos os casos será necesaria a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios, para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios.

Para os efectos de percepción de dietas por asistencias polos membros concorrentes ás sesións do tribunal, estarase ao disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de marzo, sobre indemnizacións por razón do servizo

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 de a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, notificándollo á autoridade convocante. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias previstas no dito artigo.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no citado artigo 23 da Lei 40/2015.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, exclusivamente, os cales colaborarán co órgano de selección.

7.- PROCESO DE SELECCIÓN.

O proceso selectivo será o de oposición, valorarase coa puntuación máxima de 20 puntos.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

A máxima puntuación que se poderá outorgar no proceso selectivo será de 20 puntos.

7.1 Fase de oposición (puntuación máxima 20 puntos)

Consistirá en realizar unha ou varias probas prácticas que versarán sobre aspectos fundamentais do posto de peón medioambiental, que poida medir o coñecemento e manexo das ferramentas en relación coas funcións a desenvolver, as técnicas de uso de material, e a maquinaria que terán que empregar no seu traballo, así como os equipos de protección individuais (EPIS) a empregar no traballo cotiá. A proba basearase en comprobar a existencia da capacidade necesaria para realizar as funcións propias da ocupación de peón medioambiental.

Todos aqueles/as aspirantes que non acaden a puntuación mínima de 10 puntos quedarán excluídos/as do proceso selectivo.

A/s proba/s será determinada previamente polo tribunal e para o seu desenvolvemento, no seu caso, contará coa colaboración dun asesor especializado.

Determinada a cualificación final dos/as aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteceso.

Será seleccionado/a aquel/a que obteña maior puntuación. En caso de empate, e para dirimir este, terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras de RISGA que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares, como así o indica a orde de 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas ás EELL para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA).

O/s candidato/a seleccionado/a e que tivera maior puntuación será proposto/a para ocupar o posto de PEÓN MEDIOAMBIENTAL en función do resultado da proba práctica e da idoneidade de cada aspirante ao posto de traballo.

8.-LISTA DE APROBADOS

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o grupo mixto publicará no citado taboleiro de anuncios o nome dos/as aspirantes aprobados/as por orde da puntuación total final, con especificación desta. Así mesmo, o Tribunal elevará esta relación, coa acta da sesión, ao Alcalde para proceder á formalización do contrato correspondente, a favor do/a aspirante que obtivera a puntuación total máis alta (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

9.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os/as aspirantes aprobados presentarán, no prazo de tres (3) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no taboleiro de anuncios e na web municipal, os documentos que acrediten que cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria:

1º Fotocopia do DNI ou pasaporte (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsa)

2º Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego

3º Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

4º.- *Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse no suposto de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.*

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.

5º.- *Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión*

6º *Notificación da resolución que acredite ser perceptor de Risga*

7º *Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.*

8º *Certificado de conta corrente expedido pola entidade bancaria na que desexe domiciliar o percibo das retribucións.*

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativa de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación da documentación esixida nesta base dentro do prazo fixado, agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados, e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran haber incorrido por falsidade na solicitude de participación.

10.- FORMALIZACIÓN DE CONTRATO.

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor do/a aspirante proposto/a polo Tribunal Cualificador, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica, conforme á normativa vixente.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de tres días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de contratación.

O/a aspirante seleccionado/a deberá incorporarse ao seu traballo no prazo máximo de tres días naturais dende que sexan requiridos para isto.

Mentres que non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica de ningunha clase.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, estando suxeita á lexislación laboral pertinente.

11.- PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO.

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de edictos deste Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

12.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais incorporados á presente convocatoria son necesarios e teñen como finalidade tramitar a súa solicitude. Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos nos termos previstos na citada lei orgánica, dirixíndose por escrito ao Concello de Ponteceso, rúa Concello 18, 15110, Ponteceso.

13.- NORMAS FINAIS.

Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a Xurisdición contenciosa-administrativa, o réxime xurídico dos contratos será a da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

MODELO DE INSTANCIA

D./Dña., maior de idade, co DNI número....., con enderezo a efectos de notificacións en....., localidade....., CP....., teléfono de contacto..... e E-Mail.....

EXPÓN:

I.- Que foi preseleccionado polo Servizo Público de Emprego de Galicia para o posto de Peón Medioambiental, mediante a súa contratación laboral de duración determinada.

II. - Que estou desempleado, en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección, en especial na base 3. Bases que declaro expresamente coñecer.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo de PEÓN MEDIOAMBIENTAL declarando:

a) Ter capacidade para ser contratado, conforme ao Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo.

b) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

c) No ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, nin estar incurso en causa de incompatibilidade para ser contratado como empregado público.

d) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea ou nacional dun Estado, ao que en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, tamén poderán participar os seus cónxuxes, sempre que non



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

estean separados de dereito, así como os seus descendentes menores de vinteún anos ou maiores de dita idade que vivan á súa costa.

e) Ter cumpridos dezaseis anos de idade.

f) Ser perceptor da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA).

g) Estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como desempleado/a.

Achegando a estes efectos a seguinte documentación:

- Copia DNI.*
- Inscripción como desempregado no Servizo Público de Emprego de Galicia.*
- Copia da notificación da resolución da concesión da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA).*

En Ponteceso, a..... de..... de 2021

Asinado:

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTECESO

Segundo: *Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal, para que no prazo de dous días hábiles, contados desde o seguinte á súa publicación, os candidatos poidan presentar as súas solicitudes, conforme á base quinta.*

Terceiro: *Dar conta desta resolución ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.”*

O que se publica aos efectos de publicidade da convocatoria e bases do proceso selectivo, para que os interesados/as presenten no prazo de 2 días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación, as súas solicitudes de participación.

Ponteceso, 19 de agosto de 2021

O alcalde,
Xosé Lois García Carballido